

## **REUNIÓN CON VECIÑOS STO. ANDRÉ DE XEVE**

**06-10-15**

### **ASISTENTES:**

- A.R. XEVE
- Comunidade de Montes
- Comunidade de Montes
- veciña Sobral
- veciña Sobral
- Veciños diferentes zonas
- Pilar Comesaña
- M<sup>a</sup> Xosé Abilleira Novo (staria)

### **ASUNTOS TRATADOS**

Presentación ante os veciños da nova concelleira da zona Pilar Comesaña. Destacando a importancia para o Concello que sexan os propios veciños a través do Consello Parroquial os que decidan e prioricen os seguintes investimentos na parroquia; deixando claro que para o Goberno Local o rural conta.

Exposición das obras que se van a realizar de inmediato:

- Acondicionamento estrada na zona de Filgueira. Ensanchamento da mesma, construción de de muros e asfaltado. Dende a estrada que vai a Bora até a Panadería. Orzamento: 152.941,83 €
- Acondicionamento zona do parque de Sobral. Asfaltado e arranxo das pistas existentes arredor do parque. Orzamento: 90.484,34 €
- Recuperación de camiño antigo tamén na zona de Sobral e desvío de augas.

Incorporación de novos membros ao consello parroquial

### **PETICIÓN VECIÑAIS**

- Solicitan a construción dun parking no colexio debido a escasez de prazas de aparcamento existentes no mesmo. O terreo é da comunidade de montes polo que para que actue o Concello e tramite os pertinentes permisos ante a Xunta de Galicia, é necesario a cesión previa deses terreos ao Concello.
- Arranxo do camiño de paso dende o Teleclub e ata a estrada que vai a Bora

(chamado camiño Real), así como o lavadoiro que está na zona. Pilar Comesaña infórmalles que vai estudar o tema con técnicos e averiguar se é de titularidade municipal. Se son privados o Concello so pode aportar os materiais necesarios para que sexan os propietarios os que acometan o arranxo.

- Solucionar as filtracións do lavadoiro recentemente arranxado en Sobral.
- Hai 4 anos que foron realizadas as obras de alcantarillado en zonas de Filgueira e Sobral. Os veciños xa pagaron as correspondentes taxas e enganches e queren saber cando se poden conectar. A Concelleira infórmaos que hai un problema bastante grave da construción dun topo, que ten que voltar a ser presupuestado xa que a empresa que realizou a obra non existe actualmente polo que non se lle poden reclamar responsabilidades.
- Finalización do arranxo do camiño da Loxa. Fixéronse as cunetas. Falta o acondicionamento do firme.
- Limpeza do campo da Bouza.